

Madrid/ Santiago de Compostela, febreiro de 2019

Estimados/as amigos/as:

Como xa sabedes, o día **2 de abril** celébrase en todo o mundo o **DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL** para conmemorar o nacemento de Hans Christian Andersen. Como todos os anos, a OEPLI, xunto coas súas catro seccións: Consejo General del Libro Infantil y Juvenil, Consell Català del Libre Infantil i Juvenil (ClijCAT), Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX) e a Asociación de Literatura infantil y juvenil Galtzagorri elkarte, quere celebrar ese día no maior número posible de poboacións de España. Para iso, dirixímonos a todas as bibliotecas, librerías e centros de ensino para convidarvos a:

- Difundir entre os nenos e nenas da vosa poboación a mensaxe e o cartel de Kestutis Kasparavicius que preparou a sección de Lituania de IBBY e cuxa versión, nas catro linguas oficiais, poderase descargar na web da OEPLI: www.oepli.org e de GÁLIX: www.galix.org
- Organizar sesións de contacontos, concursos, encontros con autores, etc., ou ben a actividade de promoción da lectura que a biblioteca/librería considere oportuno.
- Participar no Concurso «**Selfie Lix 2019**» cuxas bases se achegan.
- Animar aos participantes a que difundan o selfie co hashtag **#DialIJ2019**.

As bibliotecas e librerías que se comprometan a celebrar este día deberán poñerse en contacto cos medios de comunicación da súa poboación. A OEPLI e as súas seccións territoriais remitirán tamén a información á prensa escrita e dixital, televisión, radios... cos nomes e poboacións das entidades participantes que aparecerán relacionadas na web da Organización. Como membro de IBBY (*International Board on Books for Young People*) e coa intención de promover o Día Internacional do Libro Infantil, a OEPLI/GÁLIX pide ás entidades colaboradoras que fagan unha ampla difusión do cartel e da mensaxe para que lles chegue a todos os nenos e nenas.

Así mesmo, continuaremos co **sistema de adhesión mediante inscrición electrónica a través** da web da OEPLI (www.oepli.org).

1.- Na páxina do DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL da web da OEPLI aparecerá unha ligazón que levará á páxina de adhesión (http://oepli.org/pag/dia_inter/dia_registro.php). Nesta páxina haberá un formulario que se deberá encher con todos os datos. Deberase aceptar a política de privacidade e pídeses ás bibliotecas/librerías que soliciten as autorizacións dos pais/nais ou titores para a reprodución das imaxes.

Unha vez cuberto o formulario chegará un correo electrónico confirmando a adhesión e, despois de 24 horas, tempo necesario para que a OEPLI verifique que todo é correcto, aparecerá a entidade correspondente na lista de adhesións por Comunidades Autónomas.

O formulario de adhesión estará **activo do día 18 de febreiro ao 30 de marzo**, data límite para realizar as adhesións.

2.- Posteriormente ao **2 de abril e durante todo ese mes**, estará ao dispor das entidades adheridas un segundo formulario mediante o cal se poderá comentar a actividade realizada e subir unha imaxe tomada durante a celebración.

A nosa intención é compartir e expoñer publicamente na nosa web todos os actos realizados polas entidades adheridas ao DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL.

Para calquera pregunta ou aclaración poñervos en contacto coa OEPLI no correo electrónico oepli@oepli.org ou no teléfono 915530821 e con GÁLIX no correo electrónico galix@galix.org ou no teléfono 698 169 548

Agradecendo de antemán o voso apoio e participación, enviámoslles un afectuoso saúdo



O presidente de GÁLIX
Xosé A. Perozo